



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

ANUNCIO

RESOLUCIÓN AS RECLAMACIÓNS REALIZADAS AOS RESULTADOS DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DA BOLSA DE EMPREGO CON CARÁCTER INTERINO PARA POSTOS DE EDUCADOR/A SOCIAL ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TECNICA)

Vistas as reclamacións presentadas, o tribunal resolveu en sesión do 16.11.2023 segundo consta a continuación:

1º. Desestimar a reclamación do aspirante que se corresponde co código nº 181 presentada en data 14.11.2023, en base á disposición final 3.2 da Lei 5/2021, de 2 de febreiro, que modifica o artigo 13 da Lei 3/2011, quedando redactado dito artigo tal como se expón na pregunta do exame e sendo a resposta correcta a d).

2º. Desestimar a reclamación da aspirante que se corresponde co código nº 183 en base a:
Respecto a pregunta nº 1 do exame, o tribunal considera que se encadra dentro do tema nº 50 do temario específico, e que é un dato considerado como básico, que se atopa no Plan de saúde mental da Xunta, citando á OMS, e que debe ser coñecido polos profesionais que van desenvolver o seu traballo no ámbito dos servizos sociais.

Respecto da pregunta nº 7, a pregunta está orientada ás prazas da entidade local, e non procede equiparar isto coa RPT que contempla postos, polo que non hai confusión na resposta. Respecto a pregunta nº 18 constátase que hai un erro na resposta marcada como correcta, sendo esta a opción b) e non a a) como se fixou inicialmente. Isto en base á que as modalidades de acollemento familiar, segundo o artigo 173 bis do Código Civil, modifícanse polo artigo 2.17 da Lei 26/2015 de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia (BOE nº 180 de 29 de xullo do 2015) quedando redactado como reflexa a opción b), polo que non procede a anulación da pregunta, e sí a modificación da resposta correcta.

3º Desestimar a reclamación da aspirante que se corresponde co nº de código 195 presentada en data 15.11.2023 respecto das preguntas 1 e 18 en base as consideracións expostas no apartado anterior ao coincidir as preguntas reclamadas.

4º. Detectado o erro na plantilla de respostas na pregunta 18, procédese á revisión das cualificacións dos aspirantes resultando a seguinte puntuación definitiva:

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. verificar a integridade autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: <https://sede.sada.gal>



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Código de identificación	Puntuación 1º exercicio
126	2
181	7
183	7,5
185	1
187	2
193	4,5
195	4,5
203	1,5

5º. Publicar a resolución das novas puntuacións.

Sada. Data e sinatura dixital

A secretaria do tribunal.

Ana Cobas García.

-Sede electrónica.